

# ACORDO GOBERNO AS NEVES 2019-2023

As Neves, 1 de Xullo de 2019.


As integrantes dos grupos políticos do Bloque Nacionalista Galego (Bng) e do Partido Socialista Obrero Español (Psoe), constituídos no Concello As Neves, e integrados por Xosé Manuel Rodríguez Méndez, Oscar González Álvarez, Pilar González Casas e Rocío Barreiro Rodríguez (Bng), e Marcelino Couto Martínez e Natividad Durán Pedrosa (Psoe), ao obxecto de constituir un goberno de coalición para a lexislatura 2019-2023 asinan o presente acordo para formar goberno que se rexe polas seguintes características:

## **Áreas, subáreas e cometidos principais**

### I Dinamización económica, comercial, laboral e turística

Esta área comprende as seguintes subáreas:

- **Formación e emprego:** comprende as políticas municipais que garden relación coa promoción do emprego, inserción laboral, formación ocupacional e escolas obradoiros. Apoiar a iniciativa privada para o emprego.
- **Contratación:** contratación pública e coordinación da licitación.
- **Promoción económica:** comprende as políticas municipais de dinamización e potenciación da vida económica local, industria; relacións cos axentes locais e Institucións na procura de políticas integrais de desenvolvemento e fomento de actividades económicas, e das novas tecnoloxías.  
Promoción do comercio, e xestión da mellora dos servizos municipais en favor da eficiencia enerxética, e na utilización dos recursos públicos. Feiras, mercados, abastos, lonxas e comercio ambulante.
- **Turismo e Patrimonio:** comprende a dirección e xestión das políticas municipais relacionadas co turismo e a promoción dos valores turísticos e patrimoniais do concello. Impulso á imaxe exterior e ao sentimento de pertenza. Continuarase co programa de mellora de patrimonio e edificios públicos, nomeadamente as antigas escolas das parroquias.
- **Participación:** comprende a relación coas asociacións e grupos organizados xunto coa reedición do programa *O Concello escoita*.
- **Vivenda:** comprende o impulso ao mercado de vivenda e a habitabilidade.



Handwritten signatures in blue ink at the bottom of the page, including the name 'Rocío' on the right.

- **Urbanismo:** comprenderá a xestión sobre a ordenación do territorio e do urbanismo, disciplina urbanística, licenzas, comunicacións previas e demais autorizacións. Impulsarase a rehabilitación de vivendas baleiras e apostarase por eliminar o *feísmo*. Traballarase para dar solución á zona industrial excluída da PLISAN. Patrimonio municipal (inventario de bens, dereitos e obrigas; administración e defensa do patrimonio municipal)
- **Transportes:** comprende o impulso dunha mellor distribución da rede e servizos de transporte público .

## II Obras, auga e facenda

Esta área comprende as seguintes subáreas:

- **Vías e Obras:** comprenderá a elaboración e xestión da planificación das actuacións nas vías e obras municipais. Terá especial importancia a mellora de accesibilidade a núcleos e vivendas.
- **Augas:** comprenderá a xestión e control da rede municipal de abastecemento de augas e o impulso da coordinación entre traídas de augas. Implantarase unha liña de axudas as traídas de augas.
- **Saneamento:** comprenderá a xestión da depuración das augas residuais. Avanzarase coa elaboración dun plan director que guiará as actuacións e crearase unha ordenanza reguladora na que se incluírá o servizo de baleirado de fosas sépticas.
- **Alumeado:** comprenderá a xestión e renovación do alumeado público. Continuarase coa aposta sobre o cambio iniciado a iluminación LED.
- **Facenda:** comprende a xestión económica do Concello, seguimento e control de investimentos, preparación dos orzamentos, xestión tributaria e recadación, política fiscal, preparación das ordenanzas fiscais.

## III Servizos públicos, medio, innovación tecnolóxica e deportes

Esta área comprende as seguintes subáreas:

- **Servizos:** comprende a xestión dos servizos básicos municipais; recollida de residuos, limpeza de vías públicas e infraestruturas urbanas (mobiliario urbano, redes de servizos...), mantemento e conservación de parques, xardíns, zonas verdes, edificios e instalacións municipais.
- **Persoal:** comprende a xestión dos recursos humanos, organización do Concello, métodos de traballo, relacións cos representantes dos traballadores e arquivo municipal.
- **Parque Móbil:** comprende a xestión dos vehículos municipais. Traballarase para construír o almacén ou parque de maquinaria municipal.
- **Tráfico:** control e ordenación do tráfico nas vías urbanas.

- **Medio Urbano e Rural:** comprenderá a xestión de políticas municipais do medio ambiente; praias, ríos e ribeiras, deseño de novos espazos públicos, urbanismo verde, control de pragas, promoción da educación ambiental (redución do lixo, recollida selectiva, compostaxe...) e o Punto Limpo. A promoción do Banco de Terras e a coordinación das Comunidades de Montes. Continuarase coa implantación do Plan Revitaliza e traballarase man a man coas comunidades de montes para avanzar nun reverdecer sostible.
- **Innovación tecnolóxica:** comprende a dinamización da páxina web, adaptación administrativa e impulso do uso das novas tecnoloxías. A ampliación da rede de áreas WiFi nos edificios públicos e o impulso da extensión da fibra óptica.
- **Deportes:** comprende a xestión e programación das políticas deportivas municipais e a colaboración coas entidades deportivas. Continuarase a mellora das instalacións deportivas demandada polas entidades interesadas.

#### IV Ensino e benestar social

Esta área comprende as seguintes subáreas:

- **Ensino e Lingua:** comprende a xestión e programación das relacións cos centros e coa comunidade educativa, así como o mantemento das instalacións educativas que sexan da competencia do Concello e demais competencias municipais no eido da educación, incluso nas escolas infantís. A xestión de políticas de lingua e a biblioteca municipal. Traballarase para implantar o Plan Madruga.
- **Benestar Social:** comprende as políticas municipais de prestación de servizos asistenciais aos cidadáns, atención ás situación de marxinación e exclusión social, medidas de integración social, política de inmigración e atención á terceira idade. Terá especial impulso o traballo para conseguir a habitabilidade da totalidade das vivendas.
- **Voluntariado:** comprende o impulso ás políticas de voluntariado social e ambiental xa postas en marcha.
- **Sanidade:** comprende o control da prestación da asistencia sanitaria. Apóstase pola reforma do Centro de Saúde e a cesión ao SERGAS.

#### V Cultura, mocidade e comunicación

Esta área comprende as seguintes subáreas:

- **Cultura:** comprende a xestión e programación das políticas municipais da cultura e das instalacións culturais.

Handwritten signatures in blue ink at the bottom of the page, including a large signature on the left and the name 'Rovío' on the right.

- **Mocidade:** comprende a dinamización da Casa da Xuventude e a xestión de políticas dirixidas á mocidade no eido do tempo libre e lecer, así como a organización doutras actividades dinamizadoras para a mocidade.
- **Comunicación:** comprende a xestión da labor de comunicación institucional da actividade pública e a información diaria do Concello.

## VI Seguridade e igualdade

Esta área comprende as seguintes subáreas:

- **Seguridade:** comprende a xestión da seguridade cidadá e policía local. Licenzas e Rexistro de animais perigosos.
- **Igualdade:** comprende o impulso de políticas orientadas á igualdade de xénero e a diversidade, a protección da muller e a conciliación da vida laboral e familiar.

## Responsabilidades no goberno

### **Xosé Manuel Rodríguez Méndez**

#### **Alcalde**

Dinamización económica, comercial, laboral e turística

*Emprego, Formación, Contratación, Réxime Interior, Economía, Comercio, Turismo, Transportes, Patrimonio, Vivenda, Urbanismo e Participación.*

Mercado, Casa do Concello e locais das parroquias (antigas escolas ou centros culturais).

### **Marcelino Couto Martínez**

#### **Tenente de Alcalde**

Obras, auga e Facenda

*Vías, Obras, Augas, Saneamento, Alumeado e Facenda..*

Bombeo, Mananciais, ETAP e outros depósitos, EDAR, DEPUTRANS e Estacións de decantación.

### **Óscar González Álvarez**

#### **2º Tenente de Alcalde**

Servizos Públicos, Medio, Innovación Tecnolóxica e Deporte

*Persoal, Parque Móbil, Tráfico, Medio Urbano e Rural, Parques e Xardíns, Tecnoloxía para a Administración e a Cidadanía e Deportes.*

*Almacén, Cámara Agraria, Vehículos, Punto Limpo, Parques, Xardíns e Sendas, Limpeza Urbana e de Edifícios, Equipamento Tecnolóxico, Pavillón e Área Deportiva da Caíña.*

*Rodrigo B*

### **Pilar González Casas**

#### Ensino e Benestar Social

Ensino, Lingua, Servizos Sociais, Voluntariado e Sanidade  
Colexio, Unitarias, Gardería, Biblioteca, Centro Social, Centro de día e Centro de Saúde.

### **Rocío Barreiro Rodríguez**

#### Cultura, Mocidade e Comunicación

Cultura, Mocidade, Igualdade Ocio e Comunicación Institucional  
Auditorio, Casa da Xuventude e Edificio de Correos.

### **Natividad Durán Pedrosa**

#### Seguridade e igualdade

Policía e Igualdade

\*Tamén a vai a idea de responsabilizarse das previsións de actividades, propostas e actuacións dos edificios públicos por áreas. A xestión diaria do mantemento correspondería a área de Servizos excepto no caso dos relacionadas co abastecemento e a depuración que vai a cargo da propia área.

\*\*O contido da distribución de competencias poderá ser modificado durante a lexislatura por acordo das partes que subscriben o pacto.

## **Órganos de goberno**

### **Pleno**


As sesións plenarias celebraranse cada 2 meses no Salón de Plenos do Concello, sendo o 1º martes de cada mes impar as 20 horas a data ordinaria de celebración. O Pleno cederá as competencias que se poden delegar na Xunta de Goberno Local coa finalidade de axilizar as tramitacións dos proxectos.

### **Xunta de Goberno Local**

A XGL estará composta polo Alcalde e 3 concelleiros/as, resultando un total de 4 representantes, que serán:

- Xosé Manuel Rodríguez Méndez
- Marcelino Couto Martínez
- Óscar González Álvarez
- Natividad Durán Pedrosa

As sesións da XGL celebraranse de xeito ordinario cada 2 semanas, os martes ás 9:00 horas.



## **Alcaldía**

A Alcaldía delegará as competencias que legalmente sexan admisibles na XGL.

## **Comisión de Contas**

A Comisión de Contas reunirse, cando menos, 1 vez ao ano, na data que se fixe polo órgano competente.

Formarán parte desta Comisión o Alcalde, 2 concelleiros/as do Partido Popular, 2 concelleiros/as do Bloque Nacionalista Galego e 1 concelleiro/a do Partido Socialista.

## **Retribucións**

### Dedicacións exclusivas

Percibiranse as seguintes cantidades por dedicacións exclusivas:

- Xosé Manuel Rodríguez Méndez, 34.918,00 euros brutos anuais en 14 pagas.
- Marcelino Couto Martínez, 25.161,50 euros brutos anuais en 14 pagas.
- Óscar González Álvarez, 25.161,50 euros brutos anuais en 14 pagas.

### Asistencia a órganos de Goberno

Os/as concelleiros/as sen dedicación exclusiva percibirán por asistencia aos órganos dos que formen parte as seguintes indemnizacións:

- Plenos: 60 euros por cada sesión.
- Xunta de Goberno Local: 60 euros por cada sesión.
- Comisión de Contas (ou outras de posible creación): 60 euros por cada sesión.

### Grupos municipais

Os grupos políticos municipais percibirán para gastos de funcionamento unha cantidade anual cun compoñente fixo e outro variable.

- Fixo: 100 euros por grupo municipal.
- Variable: 200 por concelleiro/a.

Rocio S